

## VIVIR AQUÍ | CULTURA | 59

APOLEMICA

B.L.

### Sobre Steiner

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) vén de responder a través dun comunicado a unhas opinións recentes do Premio Príncipe de Asturias da Comunicación George Steiner sobre o idioma e a literatura galegos. "Non podemos aceptar, nin pasar por alto, que unha persoa de probada valía intelectual (...) manifeste un descoñecemento tan elevado da nosa literatura e non teña reparos en demostrarlo nunha entrevista, amosando un total desprezo polo que non coñece, facendo gala da súa ignorancia e demostrando unha nula gratitudade cos cidadáns do Estado que un día o premiou", din dende a AELG.

Dende a asociación indícase que queren pensar "que estamos ante un caso de descoñecemento temerario da nosa tradición literaria, e non ante un prexuízo, que non poderíamos entender nunha persoa desta traxectoria e que, no entanto, si é quen de entender a cuestión catalá". E engaden: "Por tanto convidamos ao señor George Steiner a visitar o noso país e coñecer a nosa lingua e a nosa cultura, manifestándolle que nos encantará ilustralo sobre as antigas e fértils orixes da lingua galega e da súa literatura, que transcendeu as fronteiras da Península, converténdose o noso legado literario medieval en modelo literario culto de referencia, e ainda hoxe é obxecto de admiración e estudio en todos os países do mundo (...)".

Rematan dende a AELG suxerindo un maior apoio das institucións públicas e privadas de cara a conseguir unha internacionalización da lingua e a cultura galegas que rematen con estas opinións. "Para a AELG esta é unha demonstración palpábel da necesidade de impulsar as estruturas estábeis xa existentes e es palladas polo mundo, destinadas á promoción e ensino da lingua e da cultura galegas, (...) á procura da necesaria internacionalización da nosa lingua desde presupostos identificadores dunha terra con cultura milenaria". ■